
FIP BLUES
Blue Shark Swordfish
EU Surface Longliners

Boas prácticas de manipulación e liberación seguras de tiburóns

Antes de proceder á liberación



Ilustración 10

Se é seguro operativamente, deter o buque ou reducir velocidade.
Manter os tiburóns na auga en todo momento, salvo que se precise levantalo para identificar a especie.
Determinar a especie, se está vivo ou morto, e medir ou estimar a lonxitude do tiburón (se é posible a talla forcal: distancia entre o fuciño e a forquilla da aleta caudal, o punto de bifurcación), datos que rexistrará o patrón.

NON enrolar a liña en dedos, mans ou brazos ao izar un tiburón (pode provocar lesións graves).

En caso de atopar un peixe marcado, non arrincar a marca ata chegar a porto, e proceder segundo as recomendaciones do IEO en http://www.co.ieo.es/tunidos/esp/MRrecaptura.php

Liberación: se fose posible, tente extraer o anzol co desanzolador mentras o animal está na auga



Ilustración 11

Se pode ver o anzol no corpo ou na boca, deberíase utilizar un desanzolador ou un cortador de pernos, ambos de mango longo, para cortar a lingüeta do anzol (a punta que sobresae) e, a continuación, extraelo.
Se o animal está enleadoe fai falta subilo á cuberta, cortar coidadosamente a liña para soltala do corpo e liberalo o máis rápidamente posible sen ningún elemento ensarillado no corpo. Teña especial coidado coa aleta caudal dos tiburóns raposos, xa que poden dar lategazos.

NON tente quitar o anzol tirando con forza da brazolada.
Non tente arrrincar un anzol que estea profundamente cravado dentro da mandíbula ou fora inxerido profundamente e non se pode ver.

ATENCIÓN: se non é posible o paso anterior, proceda entón a cortar a liña co cortador

Cortar a liña mentras o tiburón está na auga


Ilustración 12

Achegalo o máis posible ao buque pero sen exercer demasiada tensión na brazolada para evitar que rache un anzol solto ou a brazolada e se proxecten os anzois ou outras partes a gran velocidade contra o buque e a tripulación.

Termar firmemente o lado alonxado da liña principal do palangre ao buque para evitar que calquera parte da arte que quede na auga tire da liña e do animal.


Ilustración 13

Cortar a liña principal ou brazolada o máis a rentes do anzol que poda (idealmente deixando a menor cantidade posible de liña e sen pesos atados ao animal).


Axudarse do lazo de mango longo para facilitar a manipulación e posterior liberación do tiburón.


Ilustración 14

NON golpear o animal e evitar que se golpee contra o costado se é izado

En caso de ter que subilo á cuberta (por ser pequeno ou por calquera outra razón)


Ilustración 15



Ilustración 16


> Sexa prudente en todo momento para evitar trabadas e golpes coa cola

> Para evitar trabadas coloque un obxecto, un peixe ou un pau grande/estaca de madeira, na mandíbula do tiburón

> Se as condicións de seguridade o permiten, extraer o anzol coa cisalla. Se non, corte a liña o máis a rentes posible do anzol

> Reducir ao mínimo o tempo que se tarda en devolvelo á auga e así incrementar as posibilidades de supervivencia e reducir o risco para a tripulación.


Ilustración 17


Ilustración 18

OR.PA.GU. · OPNAPA · OPP-7 Burela · opromar · FRIENDLY LONGLINERS ANEC FEAM

Actividade cofinanciada por
GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN · XUNTA DE GALICIA · CONSELLERÍA DO MAR
UNIÓN EUROPEA · Fondo Europeo Marítimo y de la Pesca